Manuel Rodríguez López
c/. Carígola 10, 2º 2ª
Barcelona - 23

Barcelona, 24-3-81

Sr. Dn. Francisco Fernández del Riego
Vigo

Apreciado Dn. Francisco:

Adxúntolle a copia da reseña que mandéi a "El Ideal Gallego" da xuntanza de Críticos Galego-Cataláns, á que tiven a honra de asistir o venres pola serán e o sábado. Sentín muito non poder - por mor do traballo - estar na mañán do venres en que falou Vde. Como pode ver, como corresponsal de "El Ideal", firmo MANUEL ORESTE R. L.

Tamén lle mando a reseña que publicaron en catalán e dous contos meus - mostras dos que mandéi a Galaxia - por se me dan a ledicia de me publicar un libro, ainda que seña en "O Moucho" e o derradeiro premio que conseguín en "MEIGAS e Trasgos" así como resumen dunha conferencia de D. Modesto Pérez encol do meu derradeiro libro "Soldada Mínima" - de tema enteiramente obreiro -

Agradeceríalle a súa opinión.

Un saúdo cordial do s.s.s.

M